

COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (ausente)
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos
Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa Sección
Emprego e Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CC.OO.)
Ángel Torreiro Varela (UXT) (ausente)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT) (ausente)
Xoan Cebro Rodríguez, (CIG) (ausente)
María Fariza Novoa (CC.OO.) (ausente)

Acta da reunión extraordinaria
celebrada ás 14.00 horas do 22 de
decembro de 2011, na sala de xuntas nº
1 da Xerencia, coa asistencia das
persoas que se citan á marxe e de
acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

Técnico Superior Análise de Superficies.

1. TÉCNICO SUPERIOR ANÁLISE DE SUPERFICIES.

O Vicexerente indica que o Xerente e os membros da Xunta de Persoal desculpáron a súa ausencia nesta reunión.

Con respecto á proposta de convocatoria que se achegou, hai un erro no número de preguntas da primeira proba, debendo ser 60 en lugar de 40.

Luis Pérez fai fincapé en que, como xa expresou en varias ocasións, a súa opinión é que debería manterse a mesma estrutura en todas as convocatorias. Ademais propón que se indiquen se os bloques do temario van ter diferente peso específico na elaboración do cuestionario.

José Manuel Fernández argumenta que esta proposta supón porlle límites á comisión avaliadora na súa actuación.

Luis Pérez insiste en que nalgunha convocatoria anterior de prazas para o CACTI xa se fixera dita matización, admite os argumentos da xerencia pero non os comparte, xa que como opositor gustaríalle saber se algún bloque vai ter unha maior relevancia sobre os outros.

Marcos Estévez sinala que no Comité de Empresa de Pontevedra ninguén realizou obxeccións á convocatoria polo que están a favor de participar na comisión de selección.

Luis Pérez considera que o Comité de Pontevedra non debería nomear a ninguén xa que está en funcións. Indica que o C. de Empresa de Ourense non discute o texto da convocatoria e participará na proposta de membros, pero si mantén a súa oposición xa manifestada en reunións anteriores desta comisión, acerca da creación en si da praza, feito que se deriva de realizar esta convocatoria. Comenta que no epígrafe da convocatoria debería engadirse que da mesma que xerará unha lista de agarda.

Marcos Estévez e Luis Pérez propoñen que se cambie o enunciado da resolución no sentido e que explicita que se trata da “cobertura temporal” dunha praza de técnico superior de análise de superficies.

O Vicexerente de Recursos Humanos aclara que na convocatoria hai unha base específica que recolle a elaboración de lista de agarda para esta praza a partir do proceso selectivo.

Luis Pérez pregunta por qué no apartado de experiencia valórase con 0,25 a acreditada na Universidade de Vigo e con 0,125 a correspondente a outras universidades, cando anteriormente o acordado era que as valoracións fosen 0,12 e 0,06 respectivamente.

Marcos Estévez sinala que habería que cambiar a redacción no apartado de valoración da experiencia substituíndo “*valorarase o desempeño de actividades en categorías de técnico superior asimilables a técnico/a superior de análise de superficies*” por “*valorarase o desempeño de actividades na mesma categoría ou equivalente*”.

O Vicexerente de Recursos Humanos acepta incluílo nesta e en sucesivas convocatorias.

José Manuel Fernández informa que a composición da comisión de avaliación se publicará coa relación provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas.

Marcos Estévez pregunta que se unha vez que remate o contrato se emite algún informe sobre a procedencia da obra. O Vicexerente de Recursos Humanos resposta que si.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:40 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.